



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

BANDO

SOBRE AS CACHELAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO 2024

Con motivo das **CACHELAS TRADICIONAIS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO** os días 23 e 28 de xuño de 2024, as persoas interesadas en realizalas, deberán presentar no concello de Laxe **DECLARACIÓN RESPONSABLE**.

Deberán ter en conta as normas de seguridade para que non se produzan posibles incendios que afecten a masas forestais e de acordo coas seguintes particularidades:

1. Non se poderán realizar cachelas en zona de dominio público. Nin espazos públicos tales como prazas, parques, rúas e beirarrúas ... Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facer a fogueira e en terreos privados.
2. As cachelas deberán efectuarse en zonas afastadas das masas forestais.
3. Os interesados tomarán as medidas de seguridade para evitar a propagación do lume.
4. De producirse danos a terceiros, responderán dos mesmos os interesados-promotores das cacharelas.
5. Deixarán completamente limpos de residuos ou materiais as zonas ou lugares onde se fagan as fogueiras.
6. En zona urbana, o volume do combustible do lume non sobrepasará os 3 metros de diámetro, nin 1 metro de altura.
Na zona rural, o volume do combustible do lume non sobrepasará os 5 metros de diámetro, nin os 3 metros de altura. A separación entre as cachelas, edificios, árbores vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano. Poñerase especial atención e coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
7. Queda prohibida a queima de rodas, plásticos, escumas de poliuretano, aceites e, de xeito xeral, calquera sustancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (aerosois) aínda que estean baleiros e non se aproveitará a cachela para queimar restos domésticos (colchóns, mobles, táboas, roupa ...), agrícolas ou forestais.
8. Ao remate e antes de abandonar lo lugar de realización da cachela, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas, así como limpar o espazo, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

do mesmo.

9. Co fin de evitar accidentes e outros riscos será necesario que haxa sempre xente ao lado do lume e suficiente auga para apagar o lume, en caso de ser preciso. E en caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira deberá suspenderse de xeito inmediato.
10. A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 h da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romerías populares.

O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES É ATA O 20 DE XUÑO DE 2024 (inclusive)

A presentación da declaración responsable poderá facerse:

- Telemáticamente: sede electrónica do concello (<https://sede.laxe.es/opencms/gl/>) a través de “*solicitud xeral*” e **achegando en todo caso o modelo de declaración responsable** publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica.
- Presencialmente: nas oficinas do concello en horario de 9:00 a 13:30 hs.

Obrigatorio achegar:

- DNI do solicitante
- Identificación precisa do lugar no que se vai a instalar a cachela (con polígono e parcela ou lugar e nº de vivenda, etc)
- Número de teléfono de contacto

A persoa responsable terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os axentes dos Corpos de seguridade ou Servizo Provincial de Incendios.

En caso de emerxencia, contactar con: Policía Local 646 95 08 30, Protección Civil 646 95 08 34, Bombeiros 080, Emerxencias 112, Garda Civil 062

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe

O alcalde, Francisco Charlín Oróns